

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSONAL LABORAL DE
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 11

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicerrector de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)-Escusa ausencia

Roberto Otero Ledo (CIG)

Manuel Marcos García (CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pividra (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 11:00h, do 21 de novembro de 2019 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Convocatorias dos procesos selectivos das categorías de:
 - a. TS de actividades do medio mariño

- b. TS de actividades deportivas
- c. TS de calidad ambiental e histoloxía
- d. TM de prevención de riscos laborais

3. Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Apróbase e asínase a acta da reunión anterior de 17 de xuño de 2019.

2. Convocatorias procesos selectivos.

A xerenta comeza a reunión dicindo que as convocatorias dos procesos selectivos obxecto da reunión seguen a estrutura aprobada, e pide desculpas polo erro de non ter enviado as convocatorias dos procesos xunto coa convocatoria da reunión. No que se refire aos temarios, estes foron enviados con anterioridade.

O Vicexerente de RRHH di que os cambios feitos nas convocatorias dos procesos son mínimos, e pasa a enumeralos. Na convocatoria de técnico/a superior de calidad ambiental e histoloxía polo sistema de acceso libre, na base 3.5 b) no que se refire á exención do pagamento das taxas, pásase de 1 a tres meses o tempo de demanda de emprego. Por outra banda, todo o persoal que supere o primeiro exame se vai incluír de oficio nas listas de agarda e no que se refire á documentación que teñen que presentar, no punto 3.10. di “que os aspirantes que superen o primeiro exercicio da oposición deberán presentar nos lugares indicados na base 3.2 unha relación dos méritos alegados para a fase de concurso xunto coa documentación xustificativa” de maneira que así non se teñen que presentar ao principio xunto coa solicitude.

O presidente do CEO di que lle parece conveniente que se faga unha valoración antes do segundo exercicio para facer unha valoración “a cegas”. Cre que sen saber quen vai ou non superar o segundo exame, será unha valoración máis obxectiva.

A Xerenta expresa que o único que se cambia é que a presentación dos méritos se faga tras a superación do primeiro exercicio e non coa solicitude, e que a publicación dos méritos se fai como noutras convocatorias unha vez rematado a fase de oposición.

Carlos Mollinedo di que lle parece oportuno sobre todo por axilizar o proceso. Suxire que a xerencia faga unha recomendación ao respecto ao tribunal.

A Xerenta está de acordo en recomendar ao tribunal que siga as guías de actuación. Tentará ter unha reunión co presidente e a secretaria.

O presidente do CEPO lembra a necesidade de ter unhas listas de agarda polo que solicita que a complexidade do primeiro exame sexa acorde á praza porque en ocasións é moi difícil superala.

Three handwritten signatures in blue ink are visible at the bottom of the page. From left to right: a signature that appears to be "Javier", a more stylized and overlapping set of initials or a name, and another set of initials or a name.

Universidade de Vigo

O Vicexerente de RRHH segue a enumerar os cambios nas convocatorias, facendo referencia á base 6.3 onde di que a resolución final do proceso selectivo ditarase antes de que transcorra un ano dende a publicación desta convocatoria no DOG, sen contar o mes de agosto. No que se refire á base 6.5. di que “o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio publicarase nos lugares previstos na base 1.5 con un mes de antelación, e non se realizará antes do 1 de marzo de 2020”.

O presidente do CEOPO di que lle parece algo axustado ese 1 de marzo e solicita que se alongue polo menos 1 mes máis.

Estando todos de acordo, acórdase redactar “...non se realizará antes do 1 de abril”

O Vicexerente de RRHH fai referencia ao cambio feito na proba de galego que non terá carácter eliminatorio.

José Manuel García Eirín pregunta se na convocatoria de TM de prevención de riscos laborais se esixe titulación.

O Vicexerente de RRHH responde que se esixe o que prevé a lexislación, que é un curso de prevención de riscos.

En relación ao Temario de TS de actividades deportivas, o Vicexerente de RRHH di que chegaron alegacións a varios temas e enviáronse as persoas encargadas de elaborar o temario.

O presidente do CEO solicita quitar o ENAS do temario dado a amplitude do tema.

O presidente do CEO di que hai temas inabarcables que pode levar meses preparar.

O vicexerente de RRHH di que tentará falar co servizo de deportes para acoutar un pouco máis os temas e enviarase o novo temario cando se acheguen as convocatorias.

Manuel Marcos quere fazer alegacións ao temario de TS de actividades do medio mariño. Concretamente no tema 29 que contén un erro na escrita, os temas 5, 8 e 42 considera que se pisan entre eles, no tema 43 e 45 parécelle inoportuno a mención que se fai á historia da ECIMAT, e solicita máis concreción nos temas 45,46 e 48.

O vicexerente de RRHH responde que o referente á historia da ECIMAT xa está cambiado nos temarios.

A xerenta di que efectivamente algún tema se pode concretar máis e solicita que de haber máis alegacións se envíen previamente para así poder traelas revisadas á reunión.

3. Rolda de intervencións.

Xenerouse un debate de intervención sobre a roupa de traballo.

Manuel Marcos di que empezan a preguntarlle sobre o posible peche en nadal, e pregunta se efectivamente este nadal se van a pechar os centros.

Universidade de Vigo

A Xerenta responde que este nadal non se vai pechar porque así está contemplado na instrución de peche de 2019. Para o ano 2020 aínda non está previsto se se pecharán as instalacións ou non.

Carlos Mollinedo fai referencia ás aperturas especiais das bibliotecas preguntando se se fai algúñ estudo de rendibilidade, usuarios, etc. Considera que non é moi rendible porque entre os usuarios hai máis opositores que alumnos.

José Manuel Eirín pregunta porque unha persoa que está en cambio de quenda en distinto campus ou adscrición provisionais en categoría superior non pode rexeitala. Di que é unha queixa que lle fixeron distintas persoas.

O xefe do servizo de PAS di que ten que ver que casos concretos son para poder dar unha resposta.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 13:00h

Three handwritten signatures in blue ink are displayed side-by-side. The first signature on the left is a cursive "Agred". The middle signature is a stylized "X" or "XG". The third signature on the right is a cursive "L".